



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, N° 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1º: De conformidade co disposto no artigo 60.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e por imposición deste, neste Concello de Avión establécese o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Artigo 2º: Constitúe o feito impositivo do Imposto a titularidade dos vehículos de tracción mecánica aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

Artigo 3º: Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o Artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, ao nome da cal conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 4º: De conformidade co previsto no Artigo 96.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, as cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicables neste Municipio quedan fixadas conforme ao cadro que se establece no Artigo 96.1, sen prexuízo dos incrementos que poida sufrir a través da Lei de Orzamentos Xerais do Estado, sendo na actualidade as seguintes:

Potencia e Clase do Vehículo	Cota
A) Turismos:	
De menos de 8 cabalos fiscais.....	12,62 €.
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais.....	34,08 €.
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais.....	71,94 €.
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais.....	89,61 €.
De 20 cabalos fiscais en diante.....	112,00 €.
B) Autobuses:	
De menos de 21 prazas.....	83,30 €.
De 21 a 50 prazas.....	118,64 €.
De máis de 50 prazas.....	148,30 €.
C) Camións:	
De menos de 1.000 kg. de carga útil.....	42,28 €.
De 1.000 kg. ata 2.999 kg. de carga útil.....	83,30 €.
De máis de 2.999 ata 9.999 kg. de carga útil.....	118,64 €.
De máis de 9.999 kg, de carga útil.....	148,30 €.
D) Tractores:	
De menos de 16 cabalos fiscais.....	17,67 €.
De 16 a 25 cabalos fiscais.....	27,77 €.
De máis de 25 cabalos fiscais.....	83,80 €.
E) Remolques e Semirremolques:	
De menos de 1.000 kg. e máis de 750 kg. de carga útil.....	17,67 €.
De 1.000 kg. ata 2.999 kg. de carga útil.....	27,77 €.
De máis de 2.999 kg. de carga útil.....	83,30 €.
F) Outros Vehículos:	
Ciclomotores.....	4,42 €.
Motocicletas de ata 125 cc.	4,42 €.
Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc.	7,57 €.
Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc.	15,15 €.
Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1.000 cc.	30,29 €.
Motocicletas de máis de 1.000 cc.	60,58 €.



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, N° 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

Artigo 5º: O pagamento do Imposto acreditarase mediante recibos tributarios.

Artigo 6º:

1. No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación para os efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data da adquisición ou reforma, declaración por este Imposto, achegando a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.
2. Pola oficina xestora practicarase a correspondente liquidación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente aos interesados, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

Artigo 7º:

1. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento das cotas anuais do Imposto realizarase dentro do segundo semestre de cada exercicio.
2. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao Imposto que se achen inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.
3. O Padrón do Imposto exporase ao público por prazo de quince días hábiles para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no "*Boletín Oficial da Provincia*" e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Disposición Adicional:

No non previsto na presente Ordenanza Fiscal se estará ao disposto nos Artigos 93 a 100, ambos os dous inclusive, da Lei 39/1988.